

Oito doas para San Simón

Discurso pronunciado por
Agustín Fernández Paz
o día 6 de xuño de 2009 na illa de San Simón
con motivo da celebración do ditame
dos XXVIº Premios Xerais.

© Agustín Fernández Paz, 2009

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2009
Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es

Depósito legal: VG 697-2009

I

Pisei por vez primeira esta illa o 14 de setembro de 2001, tres días despois de ver na televisión como se derrubaban as torres xemelgas de New York, naquel 11 de setembro que me fixo retrotraer no tempo e lembrar a mesma data, pero de 1973, e a onda de morte que se abateu sobre o Chile de Allende tras o feroz golpe de Estado, unha marca indeleble para a miña xeración.

Ceguei a San Simón, daquela aínda cos edificios sen restaurar, co corazón batendo exaltado no meu peito. Viña cun permiso especial para permanecer aquí durante todo o día, coa única compañía do señor Ramón e dos seus cans. De Cesantes só me separaban uns centos de metros, mais axiña me decatei de que acababa de entrar nun ámbito moi especial, nun deses lugares que gardan, coma nun aleph borgiano, a memoria da humanidade. Unha memoria milenaria, porque ata min chegaban os ecos dos versos do trobeiro e o bal-

bordo de voces que daban conta da intensa historia vivida neste barco de pedra ancorado no fondo da ría.

As voces que eu viña buscando eran máis recentes. Eran as do sufrimento, as da angustia ante os «paseos» nocturnos, as do terror. O edificio situado fronte á capela, que agora aparece coma do trinquete, estaba daquela devorado polo abandono, cos ocos das ventás escuros e silenciosos coma cuncas de caveira, unha lembranza aceda de canto alí dentro sucedera. As voces parecían falarme con ansiosa intensidade porque, daquela, eu andaba embarcado na escrita dunha novela que era coma un corpo aberto para esas voces. Unha novela que acabaría por se chamar *Noite de voraces sombras*, un título tirado do máis conmovedor poema de José Ángel Valente, e que ten como centro o mínimo cemiterio de Santo Antonio, salvado milagrosamente dunha restauración que borrou todas as pegadas do horror que se viviu aquí.

II

Para explicar por que andaba obsesionado coa escrita daquela novela debo viaxar ao meu pasado, retroceder ata a miña infancia e adolescencia. Pertenzo a unha xeración que medrou aceptando como natural a diglo-

sia granítica que se instalara moito antes na sociedade galega, e que se acentuara na ditadura. O galego enchoupaba a nosa concepción do mundo, pero semellaba ser algo que, coma os castiñeiros ou os carballos, formaba parte da paisaxe natural. Os libros, os xornais, o cine, a radio..., todas as fiestras que nos permitían ollar máis alá do horizonte ofrecíannos unha realidade monolítica en castelán.

Afeitos a escoitar e a estudar a historia oficial, semellaba que viviamos nun país desprovisto de raíces culturais, non tiñamos conciencia de posuírmos un pasado. Hai unha imaxe cruel deste baleiro, que tamén recollo na miña novela de San Simón: en 1967 morreu en Vilalba, nun accidente absurdo, Lois Peña Novo, curmán da miña avoa. Morreu unha das figuras importantes da Galicia das Irmandades, e o seu pasamento non provocou ningunha reacción especial entre a mocidade da vila, que non sabiamos nada nin da súa obra nin da súa dimensión histórica, pois formaba parte de todo o que nos fora negado.

Por aqueles anos vin a película *Tempo de amar, tempo de morrer*, de Douglas Sirk. Teño na memoria as imaxes dunha batalla feroz, que remataba coa terra sementada de cadáveres. Despois viña o inverno, e a neve sepultaba tanto sangue e tanta dor, deixando unha paisaxe dun branco purísimo. Unha paisaxe dunha beleza enganosa, porque ao chegar a primavera, e

con ela o desxeo, os cadáveres volvían quedar ao descuberto entre a lama, revelando todo o horror que a neve sepultara.

Tamén para a miña xeración chegou paseniño o tempo do desxeo. E así fomos sabendo de feitos que nos mostraban que había outra Galicia, unha Galicia máis real e máis viva, loitando ao longo dos séculos por acadar o seu lugar na historia. Eran o fío de Ariadna que me foi levando, coma tal, ao exemplar de *Sempre en Galiza* que unhas mans amigas me fixeron chegar de xeito clandestino; ao coñecemento das revoltas agrarias, coas fotos que testemuñaban que tamén os labregos tiñan tras de si unha tradición reivindicativa; á fascinante Xeración Nós e á loita polo Estatuto; á guerrilla antifranquista e á cultura do exilio... E a San Simón, o foxo máis fondo, pois tardei en saber que esta illa fora un campo de concentración nos anos de chumbo e que o sufrimento enchoupara ata o máis escondido dos seus recantos.

III

Gardo unha experiencia luminosa na memoria da infancia. Un día de 1956 meu pai chegou á casa con dous libros escritos en galego, *Á lus do candil* e *Merlín*

e familia. Prestárallos o señor Crende, un seu amigo encadernador que había en Vilalba, relacionado cos restos do que fora o Partido Galeguista. Cando meu pai, aquel músico e carpinteiro que tanto amaba os libros, nos leu en voz alta algúns anacos o meu abraio foi inmenso: a lingua que falabamos na casa e na rúa podía tamén estar escrita nos libros!

Aqueles primeiros títulos galegos da posguerra, creados sabendo que a eles tamén se lles podían aplicar as palabras de Rosalía no inicio de *Follas Novas*, eran un paradigma da vontade de resistencia e da ilusión de futuro que animaba a aquelas persoas que, contra toda lóxica social e económica, teimaban por escribir os seus soños na lingua do país.

Ademais desa vontade de resistencia, tamén tiña que haber en Cunqueiro e en Fole, coma en calquera persoa con ambición narradora, ese desexo de deixar constancia da súa visión do mundo e da vida, esa arela de se incorporar á mesta rede de voces e memorias que percorre o planeta enteiro, pois a fame de historias é unha característica universal inscrita no ADN da humanidade.

IV

Algúns anos despois, en 1963, Álvaro Cunqueiro escribiu un breve ensaio, «Imaxinación e creación», ao que pertencen estas palabras: *o propio dun escritor é contar claro, seguido e ben. Contar a totalidade humana, que el pola súa parte ten a obriga de alimentar con novas olladas. E se hai algo que estea claro nesa dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños. Beber soños coma quen bebe auga. Pódese facer unha definición mellor da necesidade da lectura?*

E que curioso: as lúcidas palabras de Cunqueiro volvémoslas atopar hai pouco en boca do estadounidense Paul Auster ao recibir o premio Príncipe de Asturias: *Necesitamos historias case tanto coma o comer, e sexa cal sexa a forma en que se presenten –na páxina impresa ou na pantalla da televisión– resultaría imposible imaxinar a vida sen elas.*

Coma o comer, como beber auga, velaí a mellor loanza da lectura. Todas as persoas necesitamos de historias, de soños, de palabras. Para entender o mundo e para entendérmonos. Para vivir outras vidas, para loar todo o que a existencia nos dá. Pois os libros conteñen os soños, as paixóns, os medos, as risas: neles están a imaxinación, os sentimentos e experiencias das persoas, das que viven agora en calquera lugar do mundo e das que desapareceron hai moitos anos.

As historias, os libros: eis o fío verdadeiro que nos une a todas as persoas do planeta. Por iso é unha festa reunírmonos hoxe aquí: unha festa para celebrar a nosa sede de historias e para dar a coñecer os novos libros que se virán sumar ás vizosas augas da literatura de noso e, xa que logo, ás da literatura universal.

V

*Un poeta debe ser más útil
que ningún ciudadano de su tribu*

escribiu un Valente inesgotable. Eu, aínda que sexa do clan que habita nas marxes, tamén formo parte desta tribo de contadores de historias, dos traballadores deste vello oficio que, en palabras de Paul Auster, *é un estraño xeito de pasar a vida: pechado nun cuarto coa pluma na man, hora tras hora, día tras día, ano tras ano, esforzándose por encher unhas follas de palabras co obxecto de dar vida ao que non existe, agás na propia imaxinación.*

Ás veces, a min e aos meus compañeiros de profesión, chámannos «escritores periféricos» ou «localistas», porque escribimos desde Galicia e en galego. Esquecen que un escritor nunca é periférico, que o centro do

mundo sempre está na súa mesa de traballo. O proceso de creación non sabe de periferias, do mesmo xeito que a lingua que usamos sempre é a ferramenta idónea, malia os problemas sociolingüísticos que poida ter. Un escritor sempre traballa desde o centro do mundo, o seu labor é sempre universal se hai a vontade e a calidade para que así sexa. *Se puede ser provinciano en el centro de Nueva York, se puede ser universal en una aldea de los Andes*, escribiu un lúcido Octavio Paz. Desde calquera lugar onde escriba, desde a lingua en que o faga, un escritor diríxese sempre a toda a humanidade.

VI

O proceso creativo sempre ten unha dimensión universal. Gianni Rodari, na súa *Gramática da fantasía*, utiliza a imaxe dunha pedra que lanzamos á auga dun estanque para falar do efecto que en nós producen as palabras. Pois as palabras, como pedras na auga, provocan ondas que, expandíndose en círculos concéntricos, poden chegar ata a estrema máis distante.

Iso é o que desexamos para cada un dos nosos libros, é a forza que nos guía inconscientemente mentres escribimos. Tentamos que os nosos textos cheguen todo o lonxe que a súa calidade llelo permita. Busca-

mos en primeiro lugar os lectores do noso país, eles son os interlocutores privilexiados, pero logo buscamos tamén os desa periferia mundial que nos rodea.

Os atrancos nunca están nos textos, a creación é o ámbito da liberdade máis plena. Onde os atopamos é nas cuestións políticas, nas relacións económicas e de poder. Escribirmos nunha lingua minorizada, pertencermos a unha cultura socialmente estigmatizada, leva aparellados serios problemas de visibilidade, tanto na sociedade (e penso agora nos nosos libros, confinados coma nunha reserva india en boa parte das librarías, ou no tratamento subordinado que reciben nos medios de comunicación, ou na insistente mentira de que somos unha literatura subvencionada) como no feito de sermos traducidos a outras linguas e chegar así aos potenciais lectores doutros países do mundo. En Galicia existe unha ferverza de creatividade que non pode fluír con plenitude, pois unha boa parte das elites financeiras, empresariais, mediáticas e políticas desconfían e negan esa creatividade se se manifesta na lingua de noso, unha lingua que parecen ver coma un andazo que cómpre extirpar de raíz, tal como a nichela que eu arrincaba de neno con miña nai. E aínda así, malia todos os atrancos, podemos orgullosamente dicir con Galileo: *Eppur, si muove!*

VII

Ao comezo d'*A historia interminable* de Michael Ende, asistimos ao temor de todos os habitantes do país de Fantasía, alarmados ante o avance imparabile da Nada, unha néboa que vai borrando con voracidade todo trazo de vida aló por onde pasa.

Tamén a min me asalta un temor semellante, convertido xa nunha obsesión que mesmo me impide desenvolver o meu labor creativo, dada a intensidade da ameaza. Porque observo como tamén entre nós avanza unha néboa inquietante e voraz, que busca tupir aínda máis as canles naturais entre os libros galegos e os seus potenciais lectores.

E non me refiro aos problemas que teñen o libro e a lectura, xa ben analizados e estudados. Refírome a unha ameaza maior: que medre o número de cidadáns que non nos poden ler por non saberen de nós ou por non posuíren a competencia suficiente para facelo. Lembro a miña nai, galegofalante de sempre, e o problema que tiña coas cartas que lle escribía cando vivín lonxe. «Ai, fillo, non mas escribas en galego, que non chas entendo», dicíame cando eu volvía de vacacións á casa. Pois á miña nai, como a tantas persoas de xeracións anteriores, furtáranlle de raíz a posibilidade de ser alfabetizada en galego.

E agora, malia as voces que nos tentan tranquilizar ou adormecer, moitos de nós albiscamos o regreso de problemas que criamos superados. Persoas que aínda queréndonos ler non poden, porque no sistema educativo non desenvolveron esa competencia para lernos na lingua de noso. Ou, tamén, persoas que podéndonos ler refugan facelo, pois é aventurado achegarse con gusto a unha lingua alcumada de radical, de atrasada, de limitadora, de inútil, de imposta. E, para escarnio maior, coa novidade de amparar esta nova situación nunha liberdade lingüística de cartón pedra que, ao examinala de preto, deixa ver axiña as falsidades que a sosteñen. Pois non hai liberdade merecedora de tal nome se se basea no esmagamento ou na clausura dun sector da cidadanía. Non hai liberdade se non hai xustiza e se non alcanza a todas as persoas por igual.

Veñen aquí ao caso as palabras do ex-presidente dos EE.UU. Lindon B. Jhonson, pronunciadas no contexto da loita contra o apartheid: *Pensemos nun home que permanecese encadeado durante moitos anos. Liberá-molo e conducímolo á saída dunha carreira dicíndolle: «es libre de participar cos outros». Podemos considerar que estamos sendo equitativos?*

VIII

Estamos afeitos a traballar en situacións adversas. Na historia da nosa literatura as liñas de resistencia activa veñen de lonxe. De Rosalía, rebelándose contra os que a forzaban a sentirse estranxeira na súa patria; de Curros, que denuncia a ameaza dos lobos e clama pola unión; de Cunqueiro pechado na súa bufarda de Mondoñedo a soñar as mil primaveras para a lingua estigmatizada; de Celso Emilio, falándolle como un *irmau* solidario a todos os desposuídos do mundo... Lembro agora as palabras de Martin Luther King: *As nosas vidas comezan a se acabar cando gardamos silencio sobre as cousas que realmente importan.*

A nosa forma de participar na cultura da humanidade é desenvolvendo a cultura galega. Temos dentro de nós a materia que lle pode interesar a calquera persoa en calquera lugar do mundo, só precisamos plasmarla a través do proceso de creación. Para conseguilo, cómpre chantar os pés na nosa realidade e, coas raíces na terra, abrírmonos a todos os ventos culturais do mundo. Porque aquí están as fábricas da imaxinación das que fala Manuel Rivas, delas poden saír creacións que tamén se lean en toda a periferia mundial. Obras cargadas de vida, obras cunha luz tan forte que sexa imposible de agochar. Un dos trazos máis significativos da cultura galega, que tan ben souberon expresar os

membros da Xeración Nós, é a súa vocación de ser célula de universalidade, a súa vontade de ser unha peza máis, en pé de igualdade, no mosaico mundial das culturas: a lúcida conciencia de que só se pode ser universal desde as propias raíces.

Coma o seixo, coma o pedernal, coma os buxos que asombran aí fóra. Así podemos ser, así teremos que ser nestes tempos difíciles. No seu poema «Loanza da dialéctica», Bertolt Brecht dinos as palabras entusiastas que necesitamos para superar os tempos sombríos: *O firme non é firme. / Todo non seguirá igual. / Cando acaben de falar os que dominan / falarán os dominados. / Quen pode atreverse a dicir xamais? / Pois os vencidos de hoxe son os vencedores de mañá / e o xamais convértese en hoxe mesmo.* Ou, coas palabras máis sinxelas de Manu Chao, *Próxima estación: esperanza.* Porque as palabras, non o esquezamos nunca, conteñen na súa cerna a forza necesaria para cambiar a vida e para cambiar o mundo.

Oito doas para San Simón
de Agustín Fernández Paz,
imprimiuse o 3 de xuño de 2009,
sete anos despois da publicación de
Noite de voraces sombras,
«a novela de San Simón»,
como lle gusta dicir ao autor.